

A normativa de referencia atópase no punto 11 do capítulo IV do anexo á Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 02/09/1997).

1.- Os responsables legais do/a alumno/a poderán reclamar contra as cualificacións outorgadas ao rematar un curso, baseándose na inadecuación das probas propostas ao alumno/a en relación cos obxectivos ou na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.

2. Os pais que non estean de acordo coa cualificación asignada ao seu fillo ao final do curso poderán presentar **no prazo de cinco días unha reclamación por escrito ante o director na que explique as razóns nas que fundamenta a súa solicitude.**

3. A dirección do centro nomeará una comisión presidida polo xefe de estudos e integrada por todos os membros do correspondente equipo de avaliación que, no prazo de tres días contados desde a presentación da reclamación, deberá adoptar a correspondente decisión, que será comunicada (por escrito) de inmediato ao reclamante, **e informarao ao mesmo tempo do dereito que o asiste de interpoñer recurso contra ela, no prazo de dez días,** ante o Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quen, logo de informe do servizo de inspección educativa, resolverá, poñendo fin a dita resolución á vía administrativa.

4. Cando unha reclamación ou recurso sexa estimado, procederase a rectificar a cualificación, mediante dilixencia estendida polo secretario co visto e prace do director, facendo referencia a resolución adoptada